PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 6 de marzo de 2025

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 6 de marzo de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
María Magdalena Pérez Millares
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de María Montserrat Prado Cores)
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
María Elena Espinosa Mangana

Comparecentes:
Directora xeral de Promoción da Igualdade
Secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade
Xerente do Sergas

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, e previo acordo cos membros da Comisión, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman o punto 2º da orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 17349 (2.3). Asemade, informa de que tivo entrada no Rexistro o documento número 21214, polo que as deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia autoras da pregunta número 16348 (2.2) comunican a súa retirada.

2.2 16348 (12/POC-002669)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da proposta de creación de unidades de covid persistente en cada unha das áreas sanitarias de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140f3, do 16.01.2025

Retirada (documento número 21214).

Auséntase da sala a presidenta e pasa a ocupar o seu posto a vicepresidenta, señora Vázquez Mourelle, Ethel María.

A seguir éntrase no debate das restantes iniciativas da orde do día:

Punto 1. Comparecencia

1.1 20552 (12/CPC-000049)
Da directora xeral de Promoción da Igualdade, por petición propia, para informar sobre as novidades en materia de igualdade e o obxectivo da campaña institucional do 8M
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025

A Presidencia , logo de explicar o procedemento de desenvolvemento da comparecencia dálle a benvida á directora xeral de Promoción da Igualdade e, a seguir, concédelle a palabra por un tempo estimado de entre 20 e 30 minutos. A **directora xeral de Promoción da Igualdade, (Consellería de Política Social e Igualdade), María Quintas Pérez,** pasa a informar á Comisión sobre as novidades en materia de igualdade e o obxectivo da campaña institucional do 8M.

Na rolda de grupos parlamentarios fan uso da palabra por un tempo de 10 minutos as deputadas: **Paloma Castro Rey (S), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)** e **Raquel**

PARLAMENTO DE GALICIA

Arias Rodríguez (P), que formulan diferentes cuestións e consideracións sobre a información recibida.

A **directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintas Pérez,** intervén de novo para contestar ás cuestións formuladas.

Na segunda rolda de grupos parlamentarios interveñen novamente por un tempo de 5 minutos as deputadas: **Paloma Castro Rey (S), Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)** e **Raquel Arias Rodríguez (P)**,

Finalmente a **directora xeral de Promoción da Igualdade** pecha a comparecencia respondendo ás diferentes consideracións e agradecendo as achegas das voceiras dos grupos parlamentarios.

A Presidencia agradece a presenza da señora Quintas Pérez e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

Punto 2. Preguntas

2.1 17349 (12/POC-002979)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o balance do desenvolvemento da Estratexia galega de enfermidades raras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f1, do 29.01.2025

Intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, para expoñer os motivos nos que se basea a formulación das cuestións que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal**.

En rolda de réplica, a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** agradece a resposta e felicita ao xerente polo balance da Estratexia nas áreas sanitarias que iniciaron o seu funcionamento.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **xerente do Servizo Galego de Saúde, José Ramón Parada Jorgal,** agradecendo o recoñecemento da señora deputada e afondando máis no tema obxecto da pregunta.

A Presidencia agradece a presenza do señor Parada Jorgal nesta sesión da Comisión e despídeo ata vindeira ocasión, dado que non ten máis preguntas ás que lle teña que dar

PARLAMENTO DE GALICIA

resposta.

2.3 15901 (12/POC-002491)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre determinadas cuestións acerca do Plan de axilización e simplificación dos trámites de dependencia e de discapacidade anunciado pola Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

Incorpórase á sala a presidenta e pasa a ocupar o seu posto na Mesa.

A Presidencia concédelle a palabra a **señora Rodil Fernandez, Olalla (BNG)**, que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade, Mª. Francisca Gómez Santos.**

En rolda de réplica a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** agradece a resposta recibida aínda que discrepa nalgúns aspectos da mesma e expón diferentes consideracións a respecto dela.

A **secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Igualdade, Mª. Francisca Gómez Santos,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención e ampliando información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

A presidenta agradece aos deputados a súa asistencia e ao persoal da Cámara os servizos prestados e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:10 horas.

(Achégasellе á esta acta como anexo a transcrición literal do punto 1º da orde do día).

V. e fe:

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Noelia Pérez López
Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.20 09:42:23 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

Iria Carreira Pazos
Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.03.19 15:45:46 +01'00'